

GALICIA HISTÓRICA

Hoja de historia y documentos compostelanos

Año 5. Nº 46. Junio, 2020.

A OBRA DO TABERNÁCULO DA CATEDRAL NAS ACTAS CAPITULARES

O coengo fabriquero don José de Vega y Verdugo foi o encargado de realizar a obra do tabernáculo da catedral de Santiago de Compostela entre os anos 1660 e 1677. As actas capitulares do cabido da catedral, reflicten paso a paso o proceso de construción dunha das obras máis senlleiras do barroco galego e español.

O tabernáculo da catedral baseouse inicialmente no prantexamento de Bernini para a catedral de San Pedro de Roma, pero esa idea inicial mudou debido sobre todo a que as proporcións da catedral compostelá non eran comparables coa basílica de San Pedro. Tal e como dí José Ramón Alonso Pereira, o tabernáculo compostelá *“pode definirse coma unha suma integral de pezas arquitectónicas independentes que, partindo dun antigo e venerable altar erixido sobre a tumba do apóstolo Santiago, o transforma nunha completa escenografía sacra do barroco”*¹.

Na acta capitular do 22 de outubro de 1663 o cabido da catedral lémbrale ao coengo fabriquero don José de Vega e Verdugo que a obra do tabernáculo *“era por tempo de cuatro años, habiéndosele entregado 400 ducados de renta anuales”*. As obras non ían no prazo previsto, pero o señor Verdugo comprométese *“el continuar con las obras de la santa iglesia y su tabernáculo hasta su final”*. Esas obras iniciáranse, según indica esta acta capitular, o 8 de xullo de 1660.

Poucos meses despois, concretamente o 11 de xaneiro de 1664 o cabido recibe unha carta do arcebispo dende a vila de Redondela onde ratifica *“los 400 ducados de renta por otros cuatro años, otorgados al señor canónigo don José de Vega Verdugo, fabriquero, por el mucho desvelo y cuidado que ponía en las obras del nuevo tabernáculo”*. O cabido recoñecía o traballo do fabriquero Verdugo, aceptando que a obra ía durar máis tempo do que se programara inicialmente.

O 12 de novembro de 1664 ordénase ao coengo fabriquero Verdugo *“ir a los reinos de Castilla a buscar jaspe y lapidarios, así como oficiales de arquitectura y escultura para la obra del tabernáculo de esta santa iglesia”*. O xaspe é o mármol vetado moi empregado para decorar as catedrais. Os lapidarios son ás pedras preciosas que

ían adornar o tabernáculo. En ocasións unha acta capitular complementa a outra anterior e isto acontece coa sesión do cabido do 12 de xaneiro de 1666 onde concédense catro meses de *“cuento”* (cómputo) *“por haber ido al reino de Castilla a buscar jaspe para las columnas del tabernáculo, así como oficiales para trabajar en él”*. O señor fabriquero Verdugo estivo entre os meses de decembro de 1664 e marzo de 1665 no reino de Castela buscando eses oficiais, pedras preciosas e xaspe. O 15 de xaneiro de 1666 o cabido entrégalle *“400 ducados de vellón de ayuda de costa, por haber ido al reino de Castilla a buscar jaspes y oficiales para la obra del tabernáculo, que se está realizando para la capilla mayor del santo apóstol”*. A obra levaba retraso pero seguíase a traballar nela. A acta capitular do 28 de xaneiro de 1668 é moi importante para o coengo fabriquero Verdugo, nela propoñía que se lle concedera o seu salario de coengo fabriquero a perpetuidade xa *“que en dicho oficio había servido a dicha iglesia con todo cuidado y desvelo y haber sido el que únicamente trajo y dispuso la portada que sale a la Quintana y coronación de la iglesia que está ejecutada por aquella parte y se ha de proseguir y de que tenía en estado la obra de la torre que cae al hospital y el espejo que está junto a ella que ofrece acabarlo y ansi mismo la obra del tabernáculo”*. O cabido decide votar con fabas secretas, concedéndolle a perpetuidade *“los 400 ducados que goza por razón de arquitecto y tracista”*, coa condición que debe *“dar fenescida la obra de la torre que se está haciendo y espejo y dejando asentado el tabernáculo en todo el año de setenta a satisfacción del cabildo”*. No ano de 1670 non se rematará ningunha desas obras pero a información aquí proporcionada é moi interesante. Vega y Verdugo fala de varios cambios realizados na praza da Quintana:

- A nova Porta Santa. Adornada con figuras do coro pétreo do mestre Mateo. Engadindo un motivo decorativo que sería repetido por toda Galicia durante o barroco galego: as sartas de froitas que penduran dos laterais da porta
- O pórtico Real. Obra dirixida por José de la Peña y Toro. Foi a primeira obra que mudou a faciana da Quintana xa que por esa porta entraban os reis e as altas dignidades. Xusto

enriba da porta colocouse un xigantesco escudo coas armas reais

- O peche das capelas medievais con esa cortina rematada no ano 1664. Ese muro introduciu na arquitectura o elemento teatral, o elemento puramente decorativo
- A porta dos abades realizada no ano 1663

Ademáis deses cambios da praza da Quintana, Vega y Verdugo menciona nesta acta capitular os realizados na praza do Obradoiro:

- “*La torre que cae al hospital y el espejo que está junto a ella*”, refírese ao campanario realizado polo mestre de obras José de la Peña y Toro, decorado coas mesmas balaustradas e pináculos que os da Quintana. É a torre das campás, rematada no ano 1675. O espello do que fala o fabriquero Verdugo é a fachada do Obradoiro. Ese espello proxectado por Vega y Verdugo e José de la Peña nunca se finalizaría, habería que esperar ata 1738 cando Fernando de Casas y Novoa realice o novo proxecto arquitectónico da fachada do Obradoiro, finalizado no ano 1751.

Na acta capitular do 15 de febreiro de 1669 otórgase permiso ao coengo fabriquero don José de Vega y Verdugo para traer “*las piedras de jaspe y mármol que faltan*” para aderezar o tabernáculo, especificando que “*con mayor brevedad y menos costa podrían traerse de la villa de Madrid y reino de Portugal*”. Un ano antes, 1668, firmárase o recoñecemento da independencia portuguesa por parte da monarquía española.

O 29 de novembro de 1669 reúnese o cabido “*para tratar y resolver si convendría el principiar a asentar el primer cuerpo del tabernáculo que está favricado para la capilla mayor de esta santa iglesia*”. Ordenando que entrasen na sala do cabido os señores o “*licenciado Pedro Dimas, pintor, José de la Peña, maestro de obras y Domingo de Andrade, aparejador del dicho tabernáculo, que habiéndoles oído que todos fueron de parecer el que no había dificultad en el dicho asiento*”. Resolvéndose por fabas e polo maior número de votos que “*el señor canónigo don Juan Giráldez de Caamaño, continúe a dar principio a asentar dicho tabernáculo, según como había propuesto*”. Calquer arquitecto ou promotor firmaría por ter no seu organigrama a eses tres grandes mestres: Pedro Dimas, José de la Peña e Domingo de Andrade.

O 29 de maio de 1670 concédense 170 días de conto ao señor “*canónigo don José de Vega Verdugo, fabriquero de esta santa iglesia*”, polas xornadas

realizadas no reino de Portugal “*al empleo de piedras de jaspe, mármol, madera de las indias y otros materiales para la obra del tabernáculo*”, “*como también en agenciar los maravedís que el señor rey de Portugal tenía obligación de pagar para el aceite de la lámpara de las cinco luces que está encendida delante del santo apóstol*”. Os coengos aproveitaban as súas viaxes para facer máis de un traballo, tal e como se menciona nesta acta capitular. Nesa mesma sesión o cabido recoñece que don José Verdugo “*ha cumplido con todo lo que tenía de obligación: tabernáculo, torre de las campanas que sale a la plaza del hospital, espejo y demás obras*”. Aceptando que “*está asentado mucha parte de dicho tabernáculo y reconocido la forma que se ha detener para asentar lo restante y casi fenecida la dicha torre*”

A decoración do tabernáculo, en ocasións, foi motivo de roces entre o cabido e o coengo fabriquero. Na acta capitular do 5 de xuño de 1671 ordénase ao “*señor fabriquero ni otra persona alguna, saque del dicho tesoro pieza alguna que pare en el asidero, como de plata, oro o cualquier otro género para convertirla deshaciéndola en otra cosa sin comunicación licencia y expreso consentimiento del cabildo*”, xa que se enviara “*un cáliz de oro de los de dicho tesoro, que no estaba para servir, a Portugal, para reducirle a panes de oro para el tabernáculo*”. Ordenando ao señor fabriquero que devolva ao tesouro “*todas las piezas que hubiere sacado de él*”.

Estas actas capitulares do cabido dende o ano 1663 ata 1671 revelan o traballo do coengo fabriquero don José de Vega y Verdugo na construción do tabernáculo, amosando con todo detalle a complexidade desa obra así como a búsqueda de elementos ornamentais para a súa maior ostentación. E ademáis permiten apreciar o proceso de transformación da catedral de Santiago de Compostela durante o século XVII.

1ALONSO PEREIRA, José R. “Excelencias arquitectónicas del tabernáculo compostelano”

Jorge GARCÍA GARCÍA



Síguenos en Facebook:

<https://www.facebook.com/ArchivoCatedralSC>